

Creación sonora e vinilos de cerámica: nace en Vigo o selo musical ANALOGIK DREAMS

O proxecto, impulsado por Sinsalaudio e coa financiación do Ministerio de Cultura, conxuga experimentación en directo, tecnoloxía analóxica e traballo artesán a través de gravacións nas que cada obra é única e exclusiva

A iniciativa, que conta coa participación do musicólogo Aleksander Kolkowski e da ceramista Olalla Lojo (Misoco Designs), inicia esta semana o seu proceso de residencia artística no espazo multidisciplinar e tenda de discos Río Lagares

Clo Plas, Os Lindes e Carme López visitarán Río Lagares desde este xoves 20 para gravar, ao vivo, a súa música sobre discos feitos con cerámica, en tres eventos que serán abertos para o público ata completar a capacidade do lugar

Vigo, 17 de novembro de 2025. - Unha nova proposta de creación sonora e investigación cultural, que une experimentación, tecnoloxía analóxica, música en directo e traballo artesán, ve a luz en Vigo. Nace **ANALOGIK DREAMS, un selo musical analóxico promovido por Sinsalaudio e coa financiación do Ministerio de Cultura**, que propón a edición de gravación de pezas musicais en vinilo acompañadas de discos de cerámica reproducibles, unha proposta tan inusual como especial polo seu percorrido interdisciplinario e vital.

O proxecto, baixo a dirección do cineasta e guionista **Álex Cancelo**, nace co desexo de xerar un **modelo disruptivo de creación, produción e distribución sonora** a través da convivencia entre prácticas analóxicas e artesanais con tecnoloxías dixitais. "É un modelo de selo musical expandido: a produción física, o acceso dixital e a participación social intégranse coa promoción do talento emerxente local", apunta o artista.

O proceso arranca coa gravación directa en vinilos con bandas emerxentes. "Lonxe de semellar nostálxicas, falamos de prácticas resistentes que se resignifican fronte á homoxeneidade do streaming", expón Cancelo. Estas gravacións lévanse a **discos de cerámica reproducibles**, un formato inédito e que conxuga escultura, obra sonora e arquivo, ademais de presentar unha peza "única e limitada, tanto a nivel artístico como sonoro, sen favorecer a sobreprodución".

En paralelo, todo este proceso estase a documentar por parte de Cancelo coa intención de espallar o seu coñecemento e posterior difusión a través dunha **plataforma dixital**. "ANALOGIK DREAMS non só estimula a economía circular cultural arredor da música, o deseño ou a cerámica, senón que posiciona a Galicia como referente no eido da innovación artesá e sonora a nivel europeo", asevera o responsable do proxecto.

Inicio da residencia artística e gravacións ao vivo en Río Lagares

Logo de numerosos meses de traballo e investigación, ANALOGIK DREAMS comeza ser unha realidade co inicio, esta semana, do seu programa de residencias artísticas. Da man do musicólogo **Aleks Kolkowski** -colaborador habitual de Sinsalaudio e responsable das gravacións das Sesións San Simón- e da ceramista e fotógrafa **Olalla Lojo** -responsable de Misoco Designs-, o espazo vigués **Río Lagares** (rúa Falperra, 16) transfórmase ata final de mes nun **laboratorio de experimentación artístico e sonoro**, no que se fará efectiva a gravación sobre o soporte físico.

Precisamente ao longo destes días realizaranse **tres gravacións con bandas e solistas do país** que estarán **abertas ao público**, a fin de dar a coñecer desde a proximidade esta proposta e poñer en marcha unha das ideas chave do proxecto, como é favorecer os espazos de escoita colectiva e a xeración de comunidade.

A primeira delas terá lugar este xoves 20, ás 20.00 horas, e chegará da man de **Clo Plas**, o proxecto artístico de Xiana Arias e Berio Molina que explora a oralidade da montaña de Lugo con música experimental e midi. A seguinte gravación sobre cerámica será a d'**Os Lindes** (o dúo conformado polo compositor Marco Maril -Apenino- e o cineasta Álex Cancelo) o xoves 27, tamén ás 20.00 horas e, finalmente, o sábado 29 será a quenda da música e investigadora lucense arredor da tradición oral e a experimentación coa gaita, **Carme López**.

ANALOGIK DREAMS

Residencia artísticas e gravacións ao vivo sobre vinilos de cerámica

Do luns 17 ao sábado 29 de novembro en horario de mañá e tarde.

Río Lagares (rúa Falperra, 16 - VIGO)

Gravacións abertas ao público (ata completar capacidade)

- Xoves 20 de novembro, 20.00 horas | **CLO PLAS**
- Xoves 27 de novembro, 20.00 horas | **OS LINDES**
- Sábado 29 de novembro, 20.00 horas | **CARME LÓPEZ**

Fotografías e vídeos do proceso

<https://drive.google.com/drive/folders/17URsp16uKF15TYWwosxKLim95qJiXI1P?usp=sharing>

Para máis información

Lucía Pita | 675 404 321 prensa@sinsalaudio.org